



Suso Lista e Quico Cadaval, onte na Deputación de Lugo. VICTORIA RODRÍGUEZ

Suso Lista: «O que máis historias do mar sabía en Corme nunca embarcara»

► O escritor e expercebeiro participou en Lugo na xornada de tradición oral sobre o humor, que organizou a Asociación de Escritores

► Explicou que o centro das historias en Corme era o barbeiro, mentres Quico Cadaval deu ese papel en Ribeira ás tabernas

JAUREGUIZAR

✉ sjaureguizar@elprogreso.es

LUGO. Suso Lista (Corme, 1962) era licenciado no exército en 1983, pero aínda non empezaba na vida. Levaba embarcado dende os 16; de camareiro, en mercantes. Tocáralle un barco non demasiado grande nin excepcionalmente seguro, que transportaba 300 coches. Un temporal sorprendeunos no golfo de Bizkaia, con todos os portos de refuxio pechados. Sería un suicidio achegarse a costa e o capitán decidiu quedar onde estaban. Unha onda brutal deitou o barco totalmente a babor, outra tumbouno a estribor. Os auto-

móbiles soltáronse das amarras e botáronse a chocar uns contra outros. Suso estaba aterrorizado. Un veterano que viu como tremía díxolle, medio en broma: «E non che entrará na cabeza que quen pensou o barco pensou tamén nestas situacións?». Suso tranquilizouse de vez. Daquela entendeu a función do «humor salgado», deses comentarios cun fondo de lóxica que axudan a sobrelevar as desgrazas.

Suso Lista e Quico Cadaval coincidiron onte en Lugo na Xornada de Literatura de Tradição Oral, organizada pola AELG. Xa lles cadrara xuntos na Laboral da

Coruña e na discoteca Teima de Ponteceso. «Como non deixaban entrar a Suso tampouco entramos nós», apunta Cadaval. «Despois deixáronme», replica Lista.

Suso Lista sinalou o paradoxo de que o veciño de Corme dos anos 50 «que sabía máis historias do mar nunca se embarcara porque era o barbeiro e curtaba o pelo a todos os mariñeiros». El coñeceu porque, con 25 anos, deixou os mercantes para dedicarse a ser percebeiro en Corme, «quería traballar na miña terra».

O papel da barbería en Corme cumpríao a taberna da Carreira en Ribeira. O fillo de Carme da Carreira era Quico Cadaval. Botando man de referencias británicas, o humorista explicou que «a taberna era o club dos pobres, era a agora onde había mestrados e profesores». A falta de buscadores de internet, cada un era experto para ser consultado nun asunto «fose o mar, as mulleres, a filosofía ou se os cans tiñan alma ou non».

Eses debates agravábanse ás veces ata a disputa, «na que sempre mediaban os cartos». O dramaturgo recordou unha historia que contaba o seu pai que acontecera nunha taberna non demasiado afastada da Carreira. «Un home dixo que el era quen de morder un ollo. Saltou outro e díxolle que non. Puxo cartos enriba da mesa. O home quitou un ollo de cristal e mordeuno. Recolleu o feixe de cartos. De alí a un cacho presumía que daba mordido o ollo sen quitálo do sitio. O rival puxo máis cartos enriba da mesa. O desafiante quitou a dentadura postiza e mordeu no ollo». Quico Cadaval desvelou ao final que, aínda que o pai a contaba como un feito acontecido en Ribeira, procede do clásico árabe 'As mil e unha noites'.

As barberías e as tabernas eran os lugares máis axeitados para escoitar as historias, pero os mellores momentos eran os velorios. «Eu coñecía a moitos veciños no seu enterro. Era cando che contaban quen fóra, cando xa estaba morto», indica Suso Lista. Ás veces o propio velorio xenera un novo conto. «Morreu un vello de Corme. Fixéronlle o velorio na casa, que era vella. Como era boa persoa foille moita xente. Tanta xente había que o piso cedeu e o cadaleito caeu na corte. Unha vaca levou tal susto que se botou a dar cornadas ao cadáver», lembra.